



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero (que se incorpora cando se cita)

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Asiste ata o momento que se sinala a Interventora do Concello Dna. Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 19 e 22 de decembro de 2014, e 2 e 16 de xaneiro de 2015, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

PUNTO 2.- ACORDOS

PREZO PÚBLICO DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DIDÁCTICAS NO MASAT

Vista a Memoria económico-financeira elaborada pola Intervención deste Concello con data 29 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

1.- Aprobar as seguintes tarifas para o prezo público pola prestación polo Concello a alumnos/as dos ciclos de Infantil, Primaria, Secundaria e Bachelato, e Educación Especial, Formación Profesional, e Educación de Persoas Adultas, de actividades lúdicas e didácticas no MASAT:

- OPCIÓN 1. VISITA DIDÁCTICA PARA ESCOLARES:.....3,00 €
- OPCIÓN 2. VISITA DIDÁCTICA PARA ESCOLARES+ OBRADOIRO DIDÁCTICO OU GYMKHANA.....5,50 €
- OPCIÓN 3. VISITA DIDÁCTICA PARA ESCOLARES+ EXHIBICIÓN DE ARQUEOLOXÍA EXPERIMENTAL.....4,50 €

2.- Expoñer ó público o presente acordo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Neste momento abandoa a sesión a Sra. Interventora do Concello)

Vistas as Bases reguladoras do Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014,

habéndose producido unha baixa na adxudicación da obra "Renovación de pavimentos en diversas rúas da Guarda" de 14.500,00 euros, e

de acordo do parágrafo sexto da base décimocuarta de ditas bases que textualmente di "De se produciren baixas na adxudicación dos contratos a entidade local beneficiaria deberalle comunicar o seu emprego ó organismo municipal",

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

SOLICITAR a aplicación da baixa para a obra "Mellora dos camiños de Amido e Salgueiró" por un importe de 20.340,09 euros.

Vistas as Bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra 2015, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha axuda ó abeiro destas axudas por importe de 7.500,00 euros.

Vista a Orde de 15 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda solicitar unha subvención ao abeiro desta Orde comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que corresponda.

(Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Español Otero).

Vista a Resolución do 18 de decembro de 2014 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- solicitar unha subvención para a contratación de un técnico de turismo ao abeiro desta convocatoria e financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Contratar un titulado medio co seguinte cadro de retribucións segundo o convenio colectivo provincial de oficinas e despachos 2009 - 2012 publicado no BOP nº 187, do 28 de setembro de 2011:

Salario	Parte prop. Pagas extra	Suma conceptos salariais	Cotización empr. a S.S.	Salario + S.S.
1.018,52	339,51	1.358,03	435,93	1.793,96

Vista a Resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- solicitar unha subvención ó abeiro desta convocatoria para a Festa da Lagosta.
- financiar o importe que non resulte subvencionado do orzamento ata o importe total da execución.

Lese o escrito RE 339 de data 19 de xaneiro de 2015, presentado por DNA. ROSA MARTINEZ ALVAREZ, en representación de D. OLIVIO FERNANDEZ VICENTE, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 50 de A Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga municipal do obxecto tributario 2ª Transv. Coruto Vello, nº 56 xa que o mesmo non ten en conta os consumos mínimos xa pagados en anteriores recibos.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar un informe á Oficina de Xestión Tributaria.

Lese o escrito RE 7.623 de 29 de decembro de 2014, presentado por D. JOSÉ ALONSO MARTINEZ, con enderezo na rúa Fernandez Albor, nº 4 de A Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga nº 140074551 e 140072852 correspondentes o 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Rúa Oliva, nº 56 xa que houbo un erro na lectura.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal de 13 de xaneiro de 2015, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 6.066 de data 16 de outubro de 2014, presentado por Dª. Mª ISABEL GONZÁLEZ CORTÉS, con enderezo na rúa Medico José Mato, nº 20-3ºD de Vigo, solicitando a devolución do cobrado en exceso por consumo de auga no 2º trimestre de 2014 xa que se produxo un evidente erro de lectura.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, vista a comunicación da empresa que se encarga da lectura dos contadores, acorda dar traslado deste expediente á Oficina de Xestión Tributaria para que procedan á devolución do cobrado en exceso.

Lese o escrito RE 342 de data 19 de xaneiro de 2015, presentado por D^a. Maria Susana Villar Carrera, con enderezo na rúa Camiño do Meixoeiro, nº 103 de Vigo, solicitando autorización para instalar un posto de venda de roupa no mercado municipal dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a súa petición.

Lese o escrito RE 445 de data 22 de xaneiro de 2015, presentado por D^a. Romina Fernandez Gomez, con enderezo en Budiño – Mosteiro, nº 8 de Porriño, solicitando autorización para instalar un posto de venda de roupa no mercado municipal dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a súa petición.

PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE 1.529/2014.- D^a. MANUELA PANTALEÓN CADILLA, PARA CAMBIO DE POLICARBONATO CELULAR POR VIDRIO DO LUCERNARIO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A GUIA Nº. 13, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.293/2014. D. LORENZO PORTELA GONZÁLEZ, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 115,00 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA DO PAIS, COLOCACIÓN DE CAPA DE MORTERO DE 2 CMS. DE ESPESOR SOBRE PLANCHAS DE FORMIGÓN EXISTENTES, COLOCACIÓN DE AISLAMENTO TÉRMICO XPS, FORMACIÓN DE RASTRELADO, APERTURA DE OCO PARA INSTALACIÓN DUNHA VENTÁ TIPO "VELUX", REALIZACIÓN DE TABIQUES INTERIORES PARA FORMACIÓN DE CAMARA, IMPERMEABILIZAR CANELETA PARA DESAGUE E VENTILACIÓN E POBLADO CON TELLA CERÁMICA MIXTA, SITA NA RÚA DE 2º TRV. SAN ROQUE-TRASLOAJO Nº. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.380/2014. D. FLORINDO RODRÍGUEZ LOMBA, PARA INSTALACIÓN DUN INVERNADOIRO NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M². PARA USO DOMÉSTICO, SITO NA RÚA DA CAPILLA Nº. 5 (PARCELA Nº. 135-POLÍGONO Nº. 13), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 6.128/2014.- D. FERNANDO COELLO MARTÍNEZ, PARA REALIZAR UN TABIQUE EN DIVISIÓN DE CASA CONTRA O LINDEIRO E INSTALACIÓN DE ILLAMENTO ACÚSTICO NUNHA SUPERFICIE DE 11,00 M²., ALICATADO DE AZULEXOS NA COCIÑA NUNHA SUPERFICIE DE 7,00 M². E FORMACIÓN DUNHA BEIRARRÚA NO EXTERIOR NUNHA SUPERFICIE DE 5,00 M².

EXPEDIENTE: 6.225/2014. SERVICAMA 2005, S.L., PARA OBRAS DE CONEXIÓN A REDE DE SUMIDOIRO A EDIFICACIÓN DO DESTACAMENTO DE MARINA, ANULANDO A FOXA SÉTICA MEDIANTE RECHEO E SELADO DA MESMA E CONEXIONANDO POSTERIORMENTE A REDE DE SUMIDOIROS QUE PASA PRETO DAS INSTALACIÓNS, PARA O CAL SE REALIZA UNHA GABIA DE 25 MTS. E UNHA NOVA CONEXIÓN A REDE A TRAVÉS DUN POZO EXISTENTE NAS PROXIMIDADES, SITO NO LUGAR DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS, EN SOLO URBANO DE EQUIPAMENTOS DE DEFENSA E PORTUARIOS.

EXPEDIENTE: 7.080/2014. D. JUAN MANUEL CASTRO MINIÑO, PARA REFORMA DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 113,00 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA PLANA EXISTENTE E SUBSTITUIILA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX. CON REMATE DE CUMIOS, ALEIROS E COLOCACIÓN DE CAEIROS CON BAIXANTES; E APLACADO DE PEDRA PAIS ALBERO ABUJARDADA DE 2,5 CMS. DE ESPESOR (ESQUINAS E FALDAS 4 CMS.) EN TÓDALAS FACHADAS NUNHA SUPERFICIE DE 239,60 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A CAL N^o. 95, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.168/2014.-D. RUBÉN BENAVIDES GONZÁLEZ, PARA PECHE FRONTAL NUNHA SUPERFICIE DE 14,98 M². REALIZADO CON PERPIAÑO DE PEDRA PAIS DE 12 CMS. E 0,90 MTS. DE ALTO CON PILARES EN FORMACIÓN DE OCOS PARA PORTALES, SITO NA AVDA. DE BUXÁN N^o. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.249/2014.- D. SERGIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA "INSTALACIÓN DUNHA PÉRGOLA METÁLICA DE 3,64X5,25 MTS. CUBERTA E PECHADA POR DOUS LADOS, CONFORME A ESIXENCIA DOS MÍNIMOS DA LEI DE MEDIDAS SANITARIAS CONTRA O TABAQUISMO, PARA ALBERGAR AS PERSOAS FUMADORAS NO EXTERIOR DO LOCAL CAFÉ-BAR SEIXIÑOS", SITO NA RÚA DE REGUDINS N^o. 4-BAIXO, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.586/2014. D^a. ELENA ACEVEDO ROLÁN, PARA "PECHE FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 30,50 MTS., CONSISTENTE NA RETIRADA DE TERRA VEXETAL PARA ALIÑACIÓN DE PECHE, COLOCACIÓN DE POSTES DE FORMIGÓN DE 2,00 MTS., MURO DE BLOQUE DE CEMENTO DE COR BEIGE A



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

UNHA ALTURA DE 0,40 MTS. E REDE METÁLICA ATA UNHA ALTURA DE 1,40 MTS.", NA FINCA SITUADA NA RÚA DE 4º TRV. DE A CRUZ-BARRANTES, S/N. (PARCELA Nº. 158-POLÍGONO Nº. 28), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.800/2014. D. CÉSAR MARTÍNEZ PORTELA, PARA RETELLADO DE CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M²., CON APROVEITAMENTO DE MATERIAIS EXISTENTES E DOTACIÓN DE TELLA CURVA DO PAIS DE COR VERMELLO, SUXEITA CON GANCHOS E ESPUMA DE POLIURETANO, SITO NA RÚA DE 1º TRV. LONGRA Nº. 20, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 4- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 4.736/2014. D. MANUEL RODRÍGUEZ BAZ, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA VENTA Ó POR MENOR DE ARTÍGOS DE DECORACIÓN E MENAXE SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 9-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

PUNTO 5- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE INICIO DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de inicio de actividade:

EXPEDIENTE: 6.466/2014. DECORACIONES ROYMAR, S.L., REPRESENTADA POR D. MANUEL RODRÍGUEZ BAZ, DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO MENOR DE ARTIGOS FOGAR NCOP (EPIG. 653.9) NO LOCAL SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 9-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.